

*Algún día, moi lonxe de aquí*

Algún día, moi lonxe de aquí

cando a música só sexa resón,

dun pasado e o seus reflexos desdibuxados,

cando a arte sexa un suspiro,

que o vento toma por seu e arrebatada,

cando os poemas sexan en follas soltas,

e se convertan en panos de mesa nun café,

e se perdan para sempre

nas rúas

dunha cidade sen rumbo.

Algún día, moi lonxe de aquí,

tan lonxe tan distante,

tan separado do tempo e das súas consecuencias,

abstraído e indiferente, con medo a desfacerme,

se lembro que algún día,

moi lonxe de aquí,

amei en presente,

e fun amado en pasado,

co futuro na gorxa

cando prometía un

“mañá”,

“para sempre”,

”nunca”.

pero así atope a forma, de estar preto de min,

e así saber que é o que sinto.

Algún día, moi lonxe de aquí,

se, quizais recordo o nome deles,

e non tema pronuncialos,

mentres se desfai en anacos a miña voz,

ou se quizais lembre o son das melodías,

que eu mesmo compuxera,

e non tema equivocarme,

mentres sei que nunca foron

suficientemente boas.

Algún día, moi lonxe de aquí,

quizais esté lonxe de todo,